ANUNCIO

A Alcaldía con data 22-10-2026, ditou a Resolución 1626/2026 que a continuación se transcribe:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: NOMEAMENTO DE BELÉN BLANCO TERNANDE

EXPTE: CONVOCATORIA DE PROCESO SELECTIVO E APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A ELABORACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO DE TÉCNICO/A SUPERIOR DE XESTIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVA (ECA 01) NO CONCELLO DE VIMIANZO COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A

EXPTE. TEDEC: 2026/E001/000005

ANTECEDENTES

A Alcaldía, con data 13-02-2026, ditou a Resolución 194/2026 que aprobou as bases E a regulación da convocatoria de proceso selectivo para a elaboración dunha bolsa de traballo destinada á cobertura como funcionario/a interino/a do posto de traballo de técnico/a superior de xestión económico-administrativa (código ECA-01), polo sistema de quenda libre e a través do procedemento de selección de concurso-oposición.

A funcionaria interina que ocupa a praza está de baixa por enfermidade.

As bases foron publicadas no taboleiro da sede electrónica do Concello de Vimianzo con data do 18/02/2026 e o extracto do anuncio consta no BOP núm. 33, do 19/02/2026.

Por Resolución de Alcaldía núm. 1562/2026 do 08/10/2026 aprobouse a bolsa de traballo, constituída por unha única persoa, destinada á cobertura como funcionario/a interino/a do posto de traballo de técnico/a superior de xestión económico-administrativa (código ECA-01) e tamén se aprobou o chamamento:

2026/E002/000054	[redacted]	BLANCO TERNANDE	BELÉN

Consta a documentación presentada pola candidata con datas comprendidas entre o 09/10/2026 e 13/10/2026 e incorporada ao expediente 2026/E002/000054 e o informe favorable sobre o

CVD: 3U0dc5b4mXDhHvrsIaiP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.vimianzo.gal/

cumprimento dos requisitos emitido pola técnica de Desenvolvemento Local con data do 21/10/2026.

Consta o informe favorable de Intervención con data do 22/10/2026.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

A base novena, das que regulan o proceso selectivo, recolle o procedemento para a constitución da bolsa, a décima está dedicada á fase de chamamento e a undécima regula o nomeamento e toma de posesión.

En base ao anterior, RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o nomeamento, como funcionaria interina no posto de traballo de técnica superior de xestión económico-administrativa (código ECA-01), con data de inicio o 26/10/2026, para substituír a baixa por enfermidade da persoa que ocupa o posto, conforme ao regulado no artigo 10.1.b (substitución de titulares) do TREBEP:

2026/E002/000054	[redacted]	BLANCO TERNANDE	BELÉN

[...]”

Vimianzo, 22 de outubro de 2026

Mónica Rodríguez Ordóñez

Alcaldesa de Vimianzo

CVD: 3U0dc5b4mXDhHvrsIaiP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.vimianzo.gal/